

RESULTADO DA VALORACIÓN DA PRIMEIRA PROBA PRÁCTICA DA FASE DE OPOSICIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A INCORPORACIÓN E CONTRATACIÓN, POR PARTE DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE AMES EPEL, DUN/DUNHA XEFE/A DE SERVIZO.**Expediente GD 4977/2025****DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESE**

Os membros da comisión de selección no proceso selectivo para a contratación dun/ha xefe/a de servizo, expediente 4977/2025, declaran expresamente non atoparse en ningunha situación susceptible de crear conflito de intereses en relación co expediente ao que se fai referencia e que informarán sen dilación ao órgano competente na tramitación deste expediente de calquera situación que constitúa ou poida dar lugar a un conflito de intereses; sendo coñecedores de que un conflito de intereses pode exporse, en particular, por razóns de intereses económicos, afinidades políticas ou territoriais, razóns familiares ou afectivas ou calquera outro interese compartido, que puidese chegar a comprometer a nosa imparcialidade no procedemento.

De acordo coa acta levantada pola secretaria da Comisión encargado de xulgar as probas do proceso selectivo a incorporación e contratación por parte da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL, de conformidade coas bases aprobadas para rexer o mesmo (BOP 62 do 01.04.2025) e reunida a Comisión o 29.07.2025 para a corrección da primeira proba práctica, a Comisión por unanimidade acordou: Por unanimidade a Comisión **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Outorgar as seguintes puntuacións na realización da proba práctica obrigatoria e eliminatória da fase de oposición do proceso selectivo:

NOME E APELIDOS	DNI	VALORACIÓN EXERCICIO 1	VALORACIÓN EXERCICIO 2	PUNTUACIÓN TOTAL PROBA PRÁCTICA
ANTONIO MAGÁN IGLESIAS	***7350**	5	5,75	10,75
VERÓNICA CASTRO QUINTÁNS	***3448**	6,75	7,75	14,50

SEGUNDO.- Facer públicos os resultados mediante a súa publicación na páxina web de Augas de Ames EPEL, segundo o establecido na base novena.

TERCEIRO.- Conceder un prazo de **DEZ DÍAS NATURAIS** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio dos resultados para que os/as interesados/as formulen as reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos.

A secretaria da Comisión

Olga Castro Fernández